



GRUPO PROVINCIAL

G-32014003

Bernardo Varela López, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte moción a respecto das **eivas do plan de transporte terrestre da Xunta de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aplicación da nova fase do Plan de transporte por estrada da Xunta de Galiza, deveu nun proceso chapuceiro, con graves consecuencias que esixen ser correxidas de inmediato.

Problemas como a suba abusiva de prezos, a falta de autobuses, problemas nas liñas coa falta de organización, así como a total falta de información ao longo do territorio.

Esta situación orixe dun proceso viciado, denunciado xa polo BNG cando se comezou a articular o plan de transporte da Xunta de Galiza no ano 2017. Na altura denunciámos que había irregularidades no proceso, como tamén denunciaron moitas das empresas que concorreron aos sucesivos concursos. E suliñamos que non había unha planificación axeitada nos concellos, que non había diálogo coas institucións municipais, que non había diálogo cos transportistas, diálogo que axudaría a ver cales eran as necesidades reais do territorio.

Os resultados están a ser nefastos. Despois do atraso do plan de transporte que tivo dous anos, cunha prorroga extra. Desde o mes de agosto de 2019 en que tiña que comezar a aplicarse ate o mes de xaneiro, perdéronse case seis meses para poder facer as cousas ben, pero non houbo interese. Todo isto nunha provincia como Ourense con numerosas

necesidades de transporte, para a vertebración do rural. Máis aínda cando non temos uns servizos ferroviarios dignos, que acompañen o transporte por bus e por estrada.

Na práctica estase obrigando á veciñanza de Ourense, sobre todo a que vive fora da cidade de Ourense, a empregar o coche particular. Algo problemático desde o punto de vista económico e ambiental, nun contexto de emerxencia climática. Tamén desde o punto de vista demográfico, pois somos unha provincia moi envellecida e na cal a incompetencia da Xunta de Galiza, incrementa a dependencia das persoas maiores por falta de transporte colectivo.

A descoordinación é unha das eivas máis evidentes na situación do novo plan de transportes. Descoordinación entre a Consellería de Mobilidade e Infraestruturas e a propia Consellería de Ensino a respecto de cuestións tan elementais como demorar ate tres días a confirmación de horarios de rutas e horarios de centros escolares. Descoordinación tamén entre a Xunta de Galiza en Ourense e a Xunta de Galiza en Compostela, que tal como denuncian empresas de transportistas, para solventar pequenos desaxustes entre liñas e horarios pardecense demoras moi prolongadas mentres uns agardan autorización dos outros. E xa non digamos no transporte interior dos Concellos onde a día de hoxe aínda non sabemos que empresa está a facer o servizo por ningunha canle oficial e polo tanto non temos interlocutores para as problemáticas xurdidas.

A desorganización que hai no transporte escolar, denunciado tamén públicamente polo BNG, é fonte de graves situacións. Como o pasado 8 de xaneiro con temperaturas baixo cero o transporte escolar foi un desastre, onde Escolares que debían ir ata os seus centros escolares en Maceda, Allariz, Barbadás ou Ourense, como aconteceu en Seixalbo vivían un ESPERPENTO. No mellor dos casos, atrasos e esperas ao frío e noutros directamente non tiveron transporte porque non había buses suficientes. Nalgún caso como en Barbadás meteron os nenos de dous buses nun só bus, amoreados como gando, e non tiveron acompañante.

Un desfase que seguiu o 9 e o 10 de xaneiro no caso de dúas das liñas de Paderne de Allariz. Pero co fin da primeira semana de escola non acabaron os problemas na liña de Pontegrande, Celanova estiveron ata o día 22 de xaneiro indo nun bus urbán sen cinturón ata que as protestas de pais e nais deron os seus resultados. Xerando situacións perigosas e graves a colectivos vulnerables, como remarca a propia Garda Civil, pola situación de acinamento de nenos e nenas en autobuses, ou a falta de presoal de acompañamento. Unha situación que lonxe de solucionarse continua a repetirse, como denuncia a Gardia Civil

de Ourense, que neste mes de febreiro de 2020, tras unha inspección de transporte escolar en toda a provincia detectáronse varios autobuses escolares que transportaban máis persoas que prazas tiñan autorizadas, e outro sin fin de irregularidades como falta de permisos e seguros obrigatorios,...

Estes feitos poñen en evidencia, xa de por si, que se fallou na planificación previa, que non hai capacidade de resposta inmediata e que o proceso de posta en marcha do Plan puxo de manifesto que as prásas, a precipitación, a falta de diálogo e de participación, e a falta de transparencia con que actuou a Xunta de Galiza só agudizou os problemas e continuamos sen un transporte adecuado para o século XXI.

Os problemas tarifarios constitúen outro dos temas mais sensibles para as familias. A abusiva suba de prezos que tiveron moitas liñas (aínda por riba sin ningún tipo de comunicación previa): a liña entre Viana e Verín incementou o seu prezo de 1,40€ a máis de 4€ , triplicando o prezo; a liña entre Verín e Ourense de 4,55€ a 6€; a liña entre Xinzo e Ourense de 2,35€ a 3,50€, ou o traxecto intermedio desta liña desde Allariz de 1,55 € a 2€. Subas das que é responsábel en exclusiva a xunta de Galiza porque isto ten unha orixe no primeiro concurso de 2017, onde a Xunta de Galiza non estipulou un control de prezos e houbo baixas temerarias con liñas que tiveron unha rebaixa inferior ao seu custe e que agora con esta nova fase do concurso volven a ter un prezo co que compensar esa situación.

Así o resultado, un plan de transporte que se vendeu como unha nova rebaixa do prezo do transporte na práctica tivo como resultado unha suba considerábel dos prezos para compensar a situación anterior. Totalmente intolerábel cando a responsabilidade foron as baixas temerarias permitidas pola Xunta de Galiza, que licita un plan de transporte sen establecer cláusulas a respecto dos prezos e unha estimación de canto deben valer os billetes en función da quilometraxe e das paradas.

A estes problemas tarifarios engádese o agravio territorial da ausencia de tarifas homoxéneas que se marcaba como obxectivo o plan de transporte e que publicita o PP. Tendo en conta que rapaces e rapazas de Xinzo ou de Allariz, veñen estudar a Ourense bacharelato por vías académicas que non existen nestas localidades ou que están facendo ciclos formativos, estes xa non entran dentro do que se considera transporte escolar e polo tanton non están tendo ningún tipo de desconto.

Tampouco hai información sobre os bonos que a Xunta de Galiza anuncia só aos medios de comunicación, pero que non anuncia na súa información pública nin efectiviza os

mesmos, non se está informando á veciñanza. Tamén respecto a gratuidade do transporte escolar a menores de 21 anos, que a Xunta afirmou que estaría dispoñíbel a partir do 1 de xaneiro, unha gratuidade que só alcanza ao transporte metropolitano o cal non existe en Ourense. Unha gratuidade que precisa ser aplicada de inmediato, pois esta é unha situación que pode supor un impacto ás familias de ata 100€ mensuais, no caso de ser só un estudante na familia quen realiza estes traxectos, o que nunha sociedade como a nosa resulta difícil de asumir en moitos casos. Non se debe facer depender as economías das familias a antollos electoralistas, sobre todo ante un servizo público que debe ser considerado básico nunha provincia como a nosa, e que ademais xa ten unha forte financiación pública. Debemos existir para Ourense o que se está a aplicar noutras provincias galegas con maior renda.

A ausencia de información é outra das graves eivas deste novo plan de transportes. Implantouse sen soporte web para que os viaxeiros poidan consultar as liñas e os prezos. Sen información a pé de rúa, nas marquesinas, nin nas principais estacións de buses nin nas principais paradas de buses, nin nas vilas onde a xente colle o transporte, non existe información. E en non poucos casos, tampouco a suministran as empresas de transportes, nin os concellos dispoñen de información para fornecer á súa veciñanza. Bótanse en falta teléfonos gratuítos de información, ou algún tipo de información que poida atender aos colectivos con máis problemas para acceder a este tipo de cuestións.

Ourense cunha poboación moi espallada polo territorio e onde tampouco temos trens do S.XXI que nos poida interconectar, faise imprescindible este tipo de servizo para articular o territorio, asentar poboación e mellorar a vida da cidadanía.

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a que abandone a súa actitude de autocomplacencia que trata de ocultar os moitos e graves problemas do transporte interurban, e que dialogue tanto coas empresas como cos concellos, para así correxir as eivas de frecuencias, horarios e prazas, así como o resto de disfuncións detectadas.
2. Instar á Xunta de Galiza a habilitar unha mesa de diálogo entre Xunta. Deputación de Ourense e concellos para posibilitar a existencia de microbuses que vertebran os concellos.

3. Instar á Xunta de Galiza a que os problemas tarifarios xerados pola propia Xunta, sexan pagados pola Xunta de Galiza e non pola veciñanza da provincia de Ourense. Por tanto que a Xunta de Galiza compense dos seus propios orzamentos os incrementos destes billetes nas liñas da provincia de Ourense.
4. Instar á Xunta de Galiza a ampliar de xeito inmediato a gratuidade do transporte aos menores de 21 anos da provincia de Ourense.
5. Instar á Xunta de Galiza a habilitar información nas paradas e estacións de buses, e introducir no novo portal web información a respecto dos descontos.

En Ourense a 13 de febreiro de 2020

Asdo: Bernardo Varela López

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE